



D. Antonio Veiga Outeiro,

vicepresidente da Deputación de Lugo, e no seu nome

D. Mario Outeiro Iglesias,

deputado delegado da Área de Cultura e Turismo,
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

O cotián na arte contemporánea

Obras da Fundación Alberto Jiménez-Arellano Alonso da Universidade de Valladolid

que terá lugar o vindeiro mércores, 19 de marzo de 2014,
ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo.

Praza da Soidade s/n
Tel.: 982 242 112
www.museolugo.org / difusion@museolugo.org

Máis información:



e no sitio web: www.museolugo.org



Obras da
Fundación
Alberto
Jiménez-Arellano
Alonso da
Universidade de
Valladolid

O cotián na arte contemporánea

19
marzo
2014

< Gonzalo Sicre
Bol

O cotián na arte contemporánea


Obras da Fundación Alberto
Jiménez-Arellano Alonso
da Universidade de Valladolid

As obras que se poden ver nesta exposición forman parte dos fondos artísticos da Fundación Alberto Jiménez-Arellano Alonso, constituída en 2004 por acordo entre a Universidade de Valladolid e a familia. A fundación ten a súa sede no Palacio de Santa Cruz, onde se sitúa o Reitorado da Universidade.

Os seus obxectivos son a potenciación do gusto pola arte e o seu estudo, tanto na comunidade universitaria como na sociedade en xeral; o fomento das actividades artísticas, culturais e educativas relacionadas coas coleccións que alberga, así como a conservación e difusión dos seus fondos.

Aínda que a Fundación Alberto Jiménez-Arellano Alonso foi especialmente coñecida nos últimos anos pola súa magnífica colección de arte africana, composta por terracotas centenarias, a pintura e a escultura de diversas épocas constitúen outra parte significativa da colección. Nela poden encontrarse desde un destacado conxunto de escultura china en terracota, ata obras do renacemento español ou do barroco europeo, con pinturas de Yáñez de la Almedina, Hieronymus Janssens ou Alfred Stevens, por exemplo.

Teresa Lanceta
El Cabo



Non obstante, entre as máis de trescentas pezas deste fondo pictórico e escultórico, destaca o conxunto de arte contemporánea na que sobresaen nomes das vangardas históricas nacionais e internacionais do século XX como: Pablo Picasso, Joan Miró, Daniel Vázquez Díaz, Eduardo Chillida, Agnes Denes, Antonio Saura, Manolo Millares, Martín Chirino, Pablo Palazuelo, Águeda de la Pisa, Luis Gordillo, Rafael Canogar, Adolfo Schollosser, Esteban Vicente, Moisés Villelia ou Magda Bolumar, por citar algúns dos máis coñecidos. A colección é

Martín Chirino
La Sabina



especialmente rica en nomes de artistas que sinalan en España o paso entre os séculos XX e o XXI como: Carmen Calvo, Teresa Lanceta, Dis Berlin, David Israel, Isidro Blasco, Mar Solís, Ricardo Cárdenas, Marina Núñez, Esther Pizarro ou Blanca Muñoz.

As posibilidades de lectura da colección son moitas, téndose elixido como eixe narrativo para esta exposición a presenza do cotián na arte contemporánea. Unha arte que, a pesar de ser a máis próxima ás nosas vidas, ten aínda unha marca de certo elitismo e dificultade. Non obstante, a arte dos séculos XX e XXI, como en todos os momentos da historia, nútrese do que nos rodea habitualmente: desde o tanxible, coma os obxectos ou os materiais, ao intanxible como os sentimentos e as sensacións que a maioría dos seres

que compartimos un tempo podemos entender. Así, Marina Núñez ofrécenos unha visión contemporánea da loucura, aínda que fonde as súas raíces nunha tradición pictórica, perfectamente recoñecible, ou relea a paisaxe da campiña castelá e os seus pombais na serie *Ciencia Ficción*. Os códigos cartográficos deñen signos artísticos nas obras de Agnes Denes e Esther Pizarro, mentres que ese obxecto tan cotián, nas nosas casas, coma é a cunca do almorzo se converte nunha especie de Grial en mans de Gonzalo Sicre, a area volcánica transfórmase en materia pictórica na *Paisaxe audible*, de Ildefonso Aguilar, e o duro metal de *A Sabina*, de Martín Chirino, parece deixarse dobrar polo vento.

Teresa Alario Trigueros

Comisaria da exposición

Membro do padroado da Fundación